



Resolución do 11 de novembro de 2016, da Dirección Xeral de Administración Local, pola que se aproba o baremo de méritos autonómicos para os efectos do concurso unitario de provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

De conformidade co establecido na base Quinta Letra J. Apartado cuarto, da Resolución de 26 do outubro de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se convoca concurso unitario de provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, na que se dispón que ao día seguinte ao da publicación no BOE da devandita resolución (11 de novembro de 2016, núm. 273), se fará pública na páxina web (<http://www.eidolocal.es>) e no taboleiro de anuncios da Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia o baremo de méritos autonómicos de habilitados nacionais que exercen ou exerceron na Comunidade Autónoma de Galicia ou que remitiron algún mérito para a súa inscrición no mesmo.

RESOLVE

Primeiro: Aprobar o baremo de méritos autonómicos de funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, que se corresponde co disposto no Anexo da presente resolución e que será de aplicación supletoria para os efectos do concurso unitario convocado por Resolución de 26 do outubro de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se convoca concurso unitario de provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, publicado no BOE núm. 273, de 11 do novembro de 2016.

Segundo: Dar publicidade ao mesmo de conformidade co disposto na base mencionada na páxina web (<http://www.eidolocal.es>) e no taboleiro de anuncios da Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela, 11 do novembro de 2016

O Director xeral de Administración Local
P.S. (D.A. 3ª Decreto 72/2013. DOG número 91, do 14 de maio)
A Secretaria Xeral Técnica



Beatriz Quiña Barja